

# O escuro lado do ser

Un home que comeza o seu ocaso vital, Gabriel, salva a unha meniña acabada de nacer, Aldara, de morrer afofada nun hospital. A casualidade fai que estes dous seres se atopen por vez primeira, namentres a obsesión se ocupa de que os encontros sexan máis e máis frecuentes. O protagonista, enfeitado polo engado da tristura que lle amosan os ollos de Aldara, decide namorar á nai da cativa, Lis, unha muller magoada pola vida e incapaz de agarrar á filla. Porque a nena é, precisamente, a mostra da súa

## Predicibilidade narrativa

 MONTSE  
PENAS PRENAS

corrente, a procura do propio proveito, o poder existencial da casualidade e unha infelicidade manifestada que se alisca en cada un dos seus actos. Nun comezo, os dous protagonistas semellan polos opostos, actitudes contrapostas na vida: Gabriel coa súa aparente bondade (dedicándose ao coidado da neniña desvalida) e coa súa xenerosidade (poñendo ao servizo de nai e filla unha fortuna que lle é indiferente), Lis co seu visible egoísmo (preocupada polos elementos materiais) e con dificultade para as relacións afectivas.

Non obstante, mentres se

lismo que provocará que, ao longo do tempo, as lectoras e lectores non consigan singularizar a historia que conta *As mellores intencións*. Mágoa é que, alén dunha ficción que dá conta do decorrer da existencia (con todo o que iso implica: as veleidades do paso do tempo, os amores frustrados e as oportunidades perdidas), Paz non consiga que a novela non fique na tona das cuestións que presenta, transcendendo os acontecementos que transmite. A prosa impresionista, con trazos breves e precisos, que evidencia o seu oficio de narradora breve que sabe manter a tensión argumental adecuada; o proveito que tira da voz narrativa en primeira persoa, que coma a exploración interesante que comeza (pero non remata) das relacións entre nais e fillas ou a xuxencia do particular engado que exercen sobre algunhas persoas os desvalidos e os raros, quedan

escure-

## OS FEITOS NARRADOS NON CONSEGUEN TIRAR DE SI UN EXCESO DE CONVENCIONALISMO

desgraza primixenia. Este é o tecido argumental do que parte *As mellores intencións* (obra gañadora do Certame de Novela Curta Centenario da Cidade de Ribeira), a última entrega narrativa de Begoña Paz. Esta creadora, ademais de participar en obras colectivas, xa se iniciara en 2004 co conxunto de relatos *A ferida* e dera ao prelo *Norocai*, unha historia dirixida ao público máis novo. O eido poético tamén é transitado por ela, aínda que polo momento os seus versos só se poden consultar na rede, en espazos coma <http://lasafinidadesselectivas.blogspot.com>, diario en rede de numerosos poetas estatais. A novela que agora presenta configúrase, a medida que se vai descubriendo, coma unha reflexión arredor dos intereses ocultos que moven certas relacións humanas a partir dunha mirada lúcida e fría da realidade.

Os personaxes principais que traça a autora están construídos para exemplificar os eixos temáticos fundamentais que artellan a novela: a soidade abouxada, a obsesión re-

vai d e b u -llando a acción, ambos se desvelan como almas que procuran repetidamente, e sen reparar nos medios, o mesmo: unha lugar no mundo que os acolla e lles dé o que teiman en acadar.

Pese a estes motivos que achegan un interesante punto de reflexión, os feitos narrados non conseguen tirar de si a sombra dun exceso de convencionalismo. Un convenciona-

lismo por unha trama demasiado predicible, que tamén inclúe un final trágico en exceso. Ese escuro lado do ser que sinala o texto acaba por verse limitado ao estreito espazo narrativo que el mesmo crea.

PAZ, Begoña, *As mellores intencións*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 118 páxinas.

